

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Diego Alcantarilla Rei
D^a María Dolores Pan Lesta
D^a María Mercedes Prieto Lamas
D. Daniel Mallo Castro
D^a Patricia María Parceró Quiñoy
D. David López Saborido

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D^a Verónica María Otero López

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e seis de decembro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Diego Alcantarilla Rei, D^a. María Dolores Pan Lesta, D^a. María Mercedes Prieto Lamas, D. Daniel Mallo Castro, D^a. Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Asiste á sesión a interventora municipal D^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria accidental, D^a Verónica María Otero López.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 19 de decembro de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 19 de decembro de 2023.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria accidental dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Real decreto-lei 6/2023, de 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenado. BOE núm. 303, de 20-12-2023.

- Decreto 150/2023, de 25 de decembro, da presidencia da Xunta de Galicia, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións. DOG núm. 243, de 26-12-2023.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da área de Cultura núm. 2023/2023, de data 15 de decembro e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 2066/2023, de data 20 de decembro, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2023/2023	15-12-2023	Aprobar a realización do Concerto de Nadal do Coro e Banda de Música Sementeira de Cambre, a celebrar o domingo 17 de decembro de 2023 no auditorio do Conservatorio Profesional de Música de Culleredo.
2024/2023	15-12-2023	Levantar os reparos suspensivos relacionados no informe de fiscalización da interventora municipal do 9 de novembro de 2023 á prórroga da técnica de orientación laboral interina, encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo "A2" adscrito á Axencia de Desenvolvemento Local. Dispoñer que continúe o procedemento para prorrogar a contratación de AMVO como técnica de orientación laboral interina
2025/2023	15-12-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19 de decembro de 2023
2026/2023	14-12-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: TAMP
2027/2023	15-12-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por

		orden da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: ADChM
2028/2023	15-12-2023	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no seu informe de fiscalización de data 27.11.2023 Aprobar a xustificación presentada e recoñecer e liquidar obrigas a favor da Asociación Sementeira Cambre por importe de 6.500,00 euros, en concepto de terceira achega correspondente ao exercicio 2022 do convenio de promoción musical asinado así coma o seu aboamento
2029/2023	15-12-2023	Ampliar ata o 2 de novembro de 2024 o prazo de tres anos de duración da interinidade da técnica de orientación laboral AMVO para a execución do programa de carácter temporal e de duración determinada de orientación laboral para o que foi nomeada funcionaria interina, de conformidade co artigo 23-2 c) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
2030/2023	15-12-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 20.850,00 euros
2031/2023	15-12-2023	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe do día 15.12.2023 no expediente de contrato menor que consta na plataforma TEdC ao número 2023/C002/000086 para a contratación artística e produción do proxecto "Ciclo de música de cámara no Nadal (15 e 16 de decembro de 2023)". Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para adxudicar o contrato menor correspondente á contratación artística e produción do proxecto "Ciclo de música de cámara no Nadal (15 e 16 de decembro de 2023)", expediente núm. 2023/C002/000086. Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2023/C002/000086 Adxudicar o contrato menor correspondente á contratación artística e produción do proxecto "Ciclo de música de cámara no Nadal (15 e 16 de decembro de 2023)", e
2032/2023	15-12-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: ZVML
2033/2023	15-12-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: RFB
2034/2023	15-12-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social destinada ao pagamento de dous recibos de alugueiro correspondentes ao meses de xullo e setembro de 2023 por importe de 500 euros cada un ,o que supón un total de 1000 euros, segundo o artigo 7 da ordenanza. Solicitante: JILL
2035/2023	18-12-2023	Delegación de funcións da alcaldía dende o día 18 de decembro ata a súa reincorporación
2036/2023	18-12-2023	Levantar o reparo formulado no informe de Intervención referencia Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez Fase D/2023, de data 8 de novembro de 2023. Dispoñer que continúe o procedemento para a adxudicación da obra "Mellora da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez"
2037/2023	18-12-2023	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 21 de decembro de 2023
2038/2023	18-12-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 13 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión para uso agrícola na finca sita no lugar de Castro, parroquia de Bribes. Solicitante: UFD, DE, S.A.
2039/2023	18-12-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 26 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Quintán, parroquia de Cambre. Solicitante: UFD, DE, S.A.
2040/2023	18-12-2023	Arquivar o expediente 2022/I002/25, ao terse regularizado os actos denunciados en Lendoiro, Cambre
2041/2023	18-12-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 24 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre. Solicitante: UFD, DE, S.A.
2042/2023	18-12-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 45 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á edificación sita no lugar de Gosende, parroquia de Andeiro. Solicitante: UFD, DE, S.A.
2043/2023	18-12-2023	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada no expediente 2016/U019/000019 para o exercizo da actividade de lavandería autoservizo en horario nocturno (entre as 23:00 e as 07:00 horas), en execución da sentenza 00193/2023, da Sección Segunda do TSXG, ditada en data 27/04/2023, xa que tal como se establece nos fundamentos xurídicos, non quedou acreditado que se cumpran os niveis de ruído autorizados na dita franxa horaria
2044/2023	18-12-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MPDBdeC para a poda das árbores existentes na finca sita en Estrada de Espírito Santo, Cecebre, que invade a vía pública, afectando a infraestruturas de eléctricas e de telecomunicacións, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que

		obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
2045/2023	18-12-2023	Asignar o número 36-B, a vivenda situada no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre, CP 15650, Cambre
2046/2023	19-12-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 6, se atopa no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: NGSV
2047/2023	19-12-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada, xa que segundo o disposto na disposición final segunda da ordenanza reguladora de dita axuda, a unidade familiar beneficiaria esgotou a cantidade máxima a percibir en 12 meses en axudas de emerxencia social municipal. Solicitante: KBB
2048/2023	19-12-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, xa que segundo o disposto no artigo 22.4, non está debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: MESA
2049/2023	19-12-2023	Convocar proceso para a provisión do posto vacante de inspector-xefe da Policía Local de Cambre a través do sistema de libre designación, de conformidade co artigo 27-1 da Lei 4/2007 de coordinación de Policía Locais. Aprobar as Bases reguladoras desta convocatoria
2050/2023	19-12-2023	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: MARF
2051/2023	19-12-2023	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro e 9 do Regulamento de servizos das corporacións. Solicitante: IBI
2052/2023	19-12-2023	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: ALM
2053/2023	20-12-2023	Recoñecemento de obrigas e aprobación de facturas por importe total de 62.313,78 euros con reparos suspensivos da intervención municipal
2054/2023	20-12-2023	Aprobación de cota de amortización e xuro do préstamo vixente do Concello de Cambre do cuarto trimestre de 2023



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2055/2023	20-12-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 12 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Espiñeiro, parroquia de Brexo. Solicitante: UFD DE, S.A.
2056/2023	20-12-2023	Conceder, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 6 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a aumentar a potencia da subministración de enerxía eléctrica da edificación sita no lugar de Lamiño, parroquia de Cambre
2057/2023	20-12-2023	Iniciar expediente de orde de execución a JPP para a xestión da biomasa existente na finca sita en San Paio, Brexo, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
2058/2023	20-12-2023	Arquivar o expediente número 2019/I002/000049, incoado a ERR pola construción dun soportal en Meixigo, Cambre, sen título habilitante, xa que tal como queda acreditado no expediente, as obras quedaron regularizadas coa comunicación previa número 2022/U026/000304
2059/2023	20-12-2023	Arquivar o expediente número 2019/I002/000026, incoado a ERR e LCG, pola reforma total dunha edificación para uso de vivenda, en Meixigo, xa que como quedou acreditado no expediente as obras realizadas foron repostas ao seu estado anterior
2060/2023	20-12-2023	Declarar a AK, S.L. responsable dunha infracción grave á ordenanza municipal de limpeza viaria e en consecuencia impoñerlle a sanción de multa de 751 euros, de acordo co establecido nos artigos 27 b) número 4 e 28.2 da ordenanza municipal de limpeza viaria e ornato público e o artigo 29 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
2061/2023	19-12-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 6 membros, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: GSC
2062/2023	19-12-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado

		que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: FCE
2063/2023	20-12-2023	Declarar a JRN B responsable dunha infracción de carácter moi grave, consistente na realización dunha talla na parcela sita no lugar de Sarnoso, Brexo, sen ter presentado o preceptivo aval; dunha infracción de carácter grave, consistente na realización da dita talla, sen ter presentado a preceptiva comunicación previa de talla
2064/2023	20-12-2023	Ordenar a JL, G EDN que derruben o peche realizado na parcela sita en Pastel, Pravio, xa que non cumpre os recuamentos ao eixo do camiño público municipal 1C.1.0092, que determinan o artigo 41 en relación co anexo VI das Normas subsidiarias de planeamento municipais, de acordo co disposto polo artigo 152.3 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
2065/2023	20-12-2023	Expediente de orde de execución incoado a LMCG e MRP polo estado de inseguridade no que se atopa o muro existente na finca sita en Eira de Arriba, Cambre. Incorporar a seguinte documentación: - as alegacións presentadas no escrito de recurso de reposición e alegacións presentado con data de rexistro de entrada 23 de xaneiro de 2023 no expediente 2023/I004/000001. - a documentación presentada por JAHdeD, en representación da Subcomunidade de Propietarios Eira de Arriba Fases I, II e III. Poñer o expediente de manifesto aos interesados, concedéndolles audiencia polo prazo de quince días para que realicen as alegacións e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes, de acordo co art. 82 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común
2066/2023	20-12-2023	Levantar o reparo formulado pola Intervención municipal no informe de fiscalización de data 03.10.2023. Outorgar unha subvención por importe de 27.900,00 €, aos clubs de fútbol para a promoción do fútbol na tempada 2021/2022 (xullo 2021 – xuño 2022)

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López